

# ANDAINA

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO

N.º 13 Novembro 1987

Precio: 150 pts.



# QUÉ PINTAN AS MULLERES?

**E**xiste unha arte feminina?

Somos as mulleres protagonistas da Historia?, de qué Historia?

Qué explica a cativa e desigual presenza de mulleres na produción artística?

Qué pintan as mulleres?

Estas e outras preguntas a xeito ilustran as preocupacións de non poucas mulleres que conscentes da opresión secular feminina, enfrontan o pasado e o presente da cultura e da historia dende unha perspectiva non sexista e liberadora.

O vencello da obra artística có seu mundo, có seu tempo histórico, ven consumindo non poucas follas dende que no século XIX o marxismo puxera en solfa os enfoques idealistas que conformaban o saber e a cultura, a ideoloxía e a Historia, até aquela. O método marxista relacionou ao individuo coa Historia, as ideas coa base material e a vida social coa loita de clases. A obra artística ocupou un sitio no produto social supeditado — de varios xeitos— na súa feitura, na súa distribución e no seu consumo ás leis do proceso histórico.

Mais aló das limitacións na formulación dos conceptos de «superestrutura» e «infraestrutura» e na súa relación, nas que numerosos análises mais ou menos marxistas teñen caído, non cabe dúbida de que a esta tradición se debe a recuperación para o suxeito colectivo -os povos, as xentes- da Historia.

A socioloxía da arte dalguns autores marxistas como Hausser, ten aportado polo seu lado unha visión mais aló do xenio das individualidades para o produto e os movementos artísticos. Cando B. Brecht escribe a súa obra, por pór un exemplo, estase facendo eco do prestixio do mundo da cultura deste xeito de explicar as obras humanas e tamén as artísticas, en relación aos procesos sociais colectivos.

Dende aquela as diferentes escolas historiográficas ou de crítica artística conveñen na cortedade de explicar os procesos históricos principalmente por acumulación de nomes propios e datas fixas, e as obras artísticas maiormente pola inspiración xenial dun individuo. E digo ben, individuo, xa que a evidente ausencia de mais da metade da poboación de sexo feminino nesa historia, chama a atención de quen quera ver e teña ollos: «a Historia non ten sexo», dín; digamos mais ben que se confunde aos protagonistas masculinos coas persoas,

coa humanidade e se fai pasar a parte polo todo, do mesmo xeito que anteriormente se tiña ocultado a actividade dos escravos —poño por caso— cando pola contra difundíase até os anos que Isabel «a católica» levaba a camisa.

No alarmante déficit de mulleres na historia do acontecer é moito mais alarmante se se considera que ninguén se atrevería a negar que «as verdadeiras responsábeis da vida e a supervivencia son as mulleres e sen vida non hai Historia» (1).

A parquedade de nomes propios femininos na pintura —por exemplo— é un bó exponente da marxinalidade do labor feminino na produción artística.

Diante desta realidade e dende hai tempo veñen aparecendo estudos que

non é fácil detectar características especialmente diferentes das características das accións masculinas. E sobran razóns para que esto sexa así.

O mimetismo do subalterno có superior é unha das características constatable e constante cando dito subalterno expresa —dalgún xeito, con algunha linguaxe— o mundo que ten aprendido.

**«Non aparecemos porque non é aí onde estamos»**

**S**ulagarse na percura de cal é o espacio que as mulleres temos ocupado no acontecer histórico pode dirixir millor onde pór o acento principal.


Non se trata tanto de alumear, de pór mais focos para que vexamos mais claramente o segundo plano, senon de explicar porqué ocupamos maioritariamente ese segundo plano e recuperalo para a comprensión da secuencia, da película.

Non se trata, como dí Eli Bartra, principalmente de valorar o desvalorizado senon de mostrar o porqué e o cómo desa desvalorización (2).

A marxinação da muller do mundo produtivo, e o seu releo ás funcións de reprodución, téñen-a situado no espacio do privado; doutro lado a división do traballo dentro do sector produtivo -masculino- determinou que só unha minoría se adicara á creación artística. Non é posíbel pretender que as mulleres excluídas da produción e situadas na esfera privada de reprodución, racharan esa realidade e tiveran unha gran actividade na creación artística. Algunhas teñen entrado nese mundo pero pola porta trasera da excepcionalidade en base ao privilexio económico e social e/ou a dobre xornada.


Noutra orde de cousas o traballo artístico esixe un tempo de aprendizaxe e adicación, un espacio ao que non é fácil acceder.

A desigual distribución de mulleres nos diferentes eidos artísticos ten que ver tamén coas diferentes esixencias das que se fala. Ten-se apuntado moi certeramente que é na literatura onde mais nomes propios femininos aparecen. Como salienta W. Woolf (3), o carácter de menor inversión, mais asequíbel e «barato» da escrita así como a posibilidade de expresión menos mediatizada teñen-a aproximado ás mulleres. Poderíamos deducir que a literatura é mais feminina que a música ou a pintura?



Segal 1970.

As excepcións femininas nun contexto esmagadoramente masculino, non fan senon confirmar a regra: a Historia e a Cultura son obras principalmente dos homes e eles son os protagonistas dos grandes cambeos e das grandes revolucións. Non aparecemos porque non é aí onde estamos, e mesmo no quefacer da maioría desas escasas irmás nosas -recuperadas- centran o esforzo nunha operación de rescate do, rasto feminino. Este esforzo ten criado unha certa escola có obxectivo de amosar o noso protagonismo histórico e cultural. Salientar un feito de nomes propios mais ou menos ilustres, con ser un traballo de interés e preciso (como mínimo para pór no lugar que lle corresponde a obra de moitas mulleres) non só non abonda senon que non parece que aponte na millor dirección.



Obra de Susana Solano.

A valoración social verbo destas artes distingue a un e ao outro sexo. As habilidades artísticas teñen sido consideradas na educación da muller das clases acomodadas como gracias que a adornaban e a facían mais valiosa no mercado matrimonial. A actividade criadora dunha muller ven sendo, polo contrario, merecedora de toda caste de descrédito e mesmo de insulto.

A distribución da produción artística e o seu consumo comparten tamen criterios discriminadores, e sexistas. Non se socializa o que carece de valor para as ideoloxías dominantes, e dificilmente atopan un camiño de rosas as ideas ou as actividades que van contra corrente: non foi fácil a divulgación (distribución e consumo) das ideas contrarias á igrexa na Idade Media, as bruxas foron queimadas, os espartakistas aplastados, as anovacións antiacadémicas no mundo da pintura ou da música non cubriron de laureis aos seus protagonistas... por non ir a exemplos actuais de claro boicot nos melos de comunicación de movementos que estan nas nosas mentes.

A irrupción de mulleres na pintura é un fito absolutamente contemporáneo e da-se vencellado á actividade de movementos de carácter liberador e vanguardista non só no mundo da arte senon dos xeitos, das ideas, dos costumes...

**«A irrupción de mulleres na pintura é un fito absolutamente contemporáneo»**

**T**rátase, segundo as ideas expostas de facer unha auténtica reinterpretación da Historia, da Socioloxía da Arte, da valoración das condicións nas que se produce a obra artística «...escomenzar a valorar positivamente o negado; recobrar o significado de todo o que resulta márxinado dende o ponto hexemónico central» (4).



Reinterpretar cun enfoque non androcéntrico e non sexista que teña conta da forzada división do traballo por sexos, dos diferentes roles que os acompañan e das consecuencias da subalternidade feminina.

Precísa-se referir multilateralmente, poño por caso, os efectos dunha guerra para o mundo masculino que xustifica a valoración do conflito como interrupción e paréntese, e os efectos do movemento, de pulo á esfera pública e productiva, de valoración con outros criterios das tarefas de reprodución, que as guerras teñen para as mulleres. Ou ben rastrear a valoración -sexista sen dúbida- que hai detrás de determinadas periodizacións históricas ao uso.

É nese quefacer onde debemos situar ás nosas queridas, heroicas compañeiras, no lugar que lles corresponde, nas dificultades que as individualizan e as convirten en excepcións sumamente admirábeis pero tamen alonxadas as mais das veces das súas irmas de sexo.

**Carme M. Corbalán**  
Outubro 1987



**Notas**

(1) Eli Barta: *Muller, ideoloxía e arte*. Ed. La Sal

(2) O occidentalismo -ou eurocentrismo- que tamen adoece a historiografía ao uso ten unhas consecuencias igualmente graves e de ocultación para máis de 2/3 partes da poboación do mundo márxinados da chamada cultura occidental, producindo mostruosidades como a recente celebración da conquista -e xenocidio- de América e a súa exaltación como Festa «Nacional» (!) dun Estado, o español.

(3) W. Wolf. *Diario dunha escritora*. Ed. Lumen.

(4) Amparo Moreno: *O arquetipo viril protagonista da historia*. Ed. La Sal.